

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 13 de SETEMBRO DE 2002**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 13 de setembro de 2.002, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 9/02, do 26 de xullo.
- 2.-Toma de coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 10.753 deica a nº 13.499.

Cooperación e Asistencia a Municipios

- 3.-Aprobación da modificación do Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002.

Ambiente, Agricultura, Pesca e Benestar Social

- 4.-Cambio da obra aprobada ó concello de Cabanas correspondente ó Plan XXI de fomento de turismo da natureza.
- 5.-Proxecto reformado do concello de Ferrol: Restauración e Conservación da igrexa románica de Santa Cecilia. PAP-2000 Código 99.4100.0379.0.
- 6.-Convenio servizos sociais 2002/2003 cos concellos de Cee, Cedeira, Pontedeume e Vimianzo.

Vías e Obras

- 7.-Aprobación técnica de proxectos do Plan de vías provincias 2003, 2ª relación e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación das obras incluídas nel.
- 8.-Aprobación técnica de proxectos do Plan de Vías Provincias 2003, 3ª relación e solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación das obras incluídas nel.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 13 DE SETEMBRO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 13 de setembro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPÍNEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP

Non asiste o Sr. Campo Fernández e escúsase a Sra. Vázquez Veras.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/02, DO 26 DE XULLO.

Apróbase a acta da sesión anterior, núm. 9/02 do 26 de xullo.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓN S DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 10.753 DEICA A Nº 13.499.

A Corporación toma coñecemento das Resolucións dictadas pola Presidencia, da núm. 10.753 á núm. 13.499.

3.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN XXI DE REINVESTIMENTO DE BAIXAS EN OBRAS MUNICIPAIS 2002.

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“Vista a certificación do acordo plenario do Concello de Brión, polo que se rectifican os importes da achega municipal e do orzamento total da obra que ten incluída no Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002, mantendo invariable a achega provincial prevista.

1º.-Aprobar a modificación do Plan XXI de reinvestimento de baixas en obras municipais 2002, que se aprobou por acordo plenario de 3 de maio de 2002 e cunhas bases

que foron aprobadas polo Pleno desta deputación o 31 de xaneiro de 2002, (BOP nº 29 do 4 de febreiro de 2002), que non afectan á achega provincial, coa finalidade de recoller as modificacións de financiamento da obra do Concello de Brión, de modo que as cifras globais de financiamento do Plan serán as que de seguido se indican, e o seu detalle por concellos e actuacións é o que figura no anexo a este acordo:

Achega provincial	1.185.246,72
Achega municipal	168.683,81
TOTAL	1.353.930,53

Número de Concellos 80

Número de actuacións 89

O financiamento da achega provincial realízase con cargo á partida 0501/911B/76299 do vixente orzamento provincial para o ano 2002.

2º.-Dispoñer a exposición pública do Plan mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións oportunas, entendéndose definitivamente aprobado no caso de non presentarse ningunha.

3º.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos de coordinación establecidos nos arts. 187 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia, considerándose emitido favorablemente unha vez transcorridos 10 días desde a súa solicitude.”

ANEXO AL EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DEL PLAN XXI DE REINVERSIÓN DE BAJAS EN OBRAS MUNICIPALES 2002						
CONCELLO	Código de obra	DENOMINACIÓN	DIPUT.	AYTO.	PRTO	
AMES	02.3810.0001.0.	REPARACIÓN CM. COSTOIA	5.070,77	3.449,82	8.520,59	
		TOTAL	5.070,77	3.449,82	8.520,59	
ARANGA	02.3810.0002.0.	AB. AGUA CARBALLAL Y S. ESTEBAN	31.661,58	0,00	31.661,58	
		TOTAL	31.661,58	0,00	31.661,58	
ARES	02.3810.0003.0.	ACD. C/ZONA PQ. ROSALIA CASTRO	13.716,71	0,00	13.716,71	
		TOTAL	13.716,71	0,00	13.716,71	
ARTEIXO	02.3810.0004.0.	PAV. CM-169 EN STA. LEOCADIA	48.294,83	7.423,51	55.718,34	
		TOTAL	48.294,83	7.423,51	55.718,34	
A BAÑA	02.3810.0005.0.	A DQUISICIÓN FURGONETA	10.426,64	0,00	10.426,64	
		TOTAL	10.426,64	0,00	10.426,64	
BERGONDO	02.3810.0006.0.	SEG. VIAL LC FIOBRE-PEDRIDO	18.402,53	5.810,39	24.212,92	
		TOTAL	18.402,53	5.810,39	24.212,92	
BETANZOS	02.3810.0007.0.	SUM. ELECTRICO PLZ. ENRIQUE IV Y O.	1.639,05	0,00	1.639,05	
		TOTAL	1.639,05	0,00	1.639,05	
BOIMORTO	02.3810.0008.0.	CONSTR. ACERAS CR. MOTA	19.429,35	0,00	19.429,35	
		TOTAL	19.429,35	0,00	19.429,35	
BOIRO	02.3810.0009.0.	CONSTR. ACERAS BOIRO Y GRASO	34.245,28	15.739,93	49.985,21	
		TOTAL	34.245,28	15.739,93	49.985,21	
BRION	02.3810.0010.0.	REP. PISTAS EN ROMARIS	1.339,62	1.186,59	2.526,21	
		TOTAL	1.339,62	1.186,59	2.526,21	
CABANA	02.3810.0011.0.	SUMINISTRO MARQUESINAS Y PAPELERAS	8.714,53	0,00	8.714,53	
		TOTAL	8.714,53	0,00	8.714,53	
CABANAS	02.3810.0012.0.	CONSERV. ACC. CM. CADIVAS-LOUSIDO	2.609,17	4.552,35	7.161,52	
		TOTAL	2.609,17	4.552,35	7.161,52	
CAMARIÑAS	02.3810.0013.0.	PROLONG. PAV. CM. OVAS	2.977,10	0,00	2.977,10	
		TOTAL	2.977,10	0,00	2.977,10	
CAMBRE	02.3810.0014.0.	PAV. CM. CASTROBO-OS CAMPONS	37.840,11	2.569,09	40.409,20	
		TOTAL	37.840,11	2.569,09	40.409,20	
CAPELA	02.3810.0015.0.	MARQUESINA PIEDRA EN O PAZO	1.693,81	0,00	1.693,81	
		TOTAL	1.693,81	0,00	1.693,81	
CARBALLO	02.3810.0016.0.	AF. MEJ. CAPA ROD. CM. PARRQ. RUS	12.365,87	0,00	12.365,87	
		TOTAL	12.365,87	0,00	12.365,87	
CARNOTA	02.3810.0017.0.	PAV. ENTORNO IGREXA DE LIRA	3.343,43	9.563,31	12.906,74	
		TOTAL	3.343,43	9.563,31	12.906,74	
CARRAL	02.3810.0018.0.	SUM. LUMINARIAS PARRQ. CONCELLO	3.008,91	0,00	3.008,91	
		TOTAL	3.008,91	0,00	3.008,91	
CEDEIRA	02.3810.0019.0.	DOT. ACR. Y ACD. CM. ACEA	18.997,20	0,00	18.997,20	
		TOTAL	18.997,20	0,00	18.997,20	
CEE	02.3810.0020.0.	ACD. VIALES ACC. SON	21.896,87	6.739,13	28.636,00	
		TOTAL	21.896,87	6.739,13	28.636,00	

CERCEDA	02.3810.0021.0.	A DQUISICIÓN FURGONETA	69.033,65	0,00	69.033,65
		TOTAL	69.033,65	0,00	69.033,65
CERDIDO	02.3810.0022.0.	AMPL. AB. AGUA A BARQUEIRA	6.720,10	0,00	6.720,10
		TOTAL	6.720,10	0,00	6.720,10
COIROS	02.3810.0023.0.	PAV. ACC. LOUREIROS GRANXA	6.369,36	390,74	6.760,10
		TOTAL	6.369,36	390,74	6.760,10
CORCUBIÓN	02.3810.0024.0.	XERADOR PORTATIL DE CORRENTE	723,46	116,22	839,68
		TOTAL	723,46	116,22	839,68
CORISTANCO	02.3810.0025.0.	A F. CM. PQ. AGUALADA, CEREO Y OCA	49.647,87	0,00	49.647,87
		TOTAL	49.647,87	0,00	49.647,87
CORUÑA, A	02.3810.0026.0.	ALCANTARILLADO LA CABANA	50.613,50	38.425,94	89.039,44
		TOTAL	50.613,50	38.425,94	89.039,44
CULLEREDO	02.3810.0027.0.	CNLZ. LI/AS ELEC.-TELEF. RUA REGUEIRO	16.887,04	0,00	16.887,04
		TOTAL	16.887,04	0,00	16.887,04
CURTIS	02.3810.0028.0.	LIMP. CUNETAS V. MPALES	10.834,23	0,00	10.834,23
		TOTAL	10.834,23	0,00	10.834,23
DODRO	02.3810.0029.0.	DOT. PERSIANAS CASA CONCELLO	5.521,93	0,00	5.521,93
		TOTAL	5.521,93	0,00	5.521,93
DUMBRIA	02.3810.0030.0.	INST. GAS VESTUARIOS CMP. FUTBOL	850,50	0,00	850,50
		TOTAL	850,50	0,00	850,50
FENE	02.3810.0031.0.	SAN. MAGALOFES, XUNQUEIRA Y O.	39.340,26	3.932,61	43.272,87
		TOTAL	39.340,26	3.932,61	43.272,87
FERROL	02.3810.0032.0.	ENTORNO LOCAL AAVV STA. CECILIA	12.578,73	0,00	12.578,73
		TOTAL	12.578,73	0,00	12.578,73
FRADES	02.3810.0033.0.	CONSERV. V.M. SANAMIL-A/A-CELTIGOS..	3.924,05	0,00	3.924,05
		TOTAL	3.924,05	0,00	3.924,05
IRIXOA	02.3810.0034.0.	A COND. CMNOS. EN AMBROA	2.176,31	0,00	2.176,31
		TOTAL	2.176,31	0,00	2.176,31
LARACHA	02.3810.0035.0.	PAVIMENTACIÓN CALLES EN TORAS	29.175,68	12.088,28	41.263,96
		TOTAL	29.175,68	12.088,28	41.263,96
LOUSAME	02.3810.0036.0.	PUNTOS LUZ V. MPALES	7.120,10	0,00	7.120,10
	02.3810.0037.0.	A DQUIS. VEHICULO TODOTERRENO	8.168,81	0,00	8.168,81
		TOTAL	15.288,91	0,00	15.288,91
MALPICA	02.3810.0038.0.	PAV. DE ACCESO A ATALAI A	2.894,65	87,01	2.981,66
		TOTAL	2.894,65	87,01	2.981,66
MAZARICOS	02.3810.0039.0.	AMPL. SAN. POLDVO. Y C. PROT. CIV.	3.122,00	0,00	3.122,00
		TOTAL	3.122,00	0,00	3.122,00
MELIDE	02.3810.0040.0.	SE/ALIZACIÓN CARTELES INFORMATIVOS	6.543,58	0,00	6.543,58
		TOTAL	6.543,58	0,00	6.543,58
MESIA	02.3810.0041.0.	MEJORA EDIFICIO SERVICIOS A UXILIA RES	9.919,42	0,00	9.919,42
		TOTAL	9.919,42	0,00	9.919,42
MIÑO	02.3810.0042.0.	PAV. PLAZA EN BEMANTES	7.756,06	2.444,96	10.201,02
		TOTAL	7.756,06	2.444,96	10.201,02
MONFERO	02.3810.0043.0.	A DQUISICIÓN MOTOSIERRA	730,06	0,00	730,06
		TOTAL	730,06	0,00	730,06

MUGARDOS	02.3810.0044.0.	REP. SERV. PAV. RUA DA PAZ 2-F	23.760,36	4.379,53	28.139,89
		TOTAL	23.760,36	4.379,53	28.139,89
MUXIA	02.3810.0045.0.	ACD. ACC. CASA MONTE-S.MARTI/O OZON	20.483,88	0,00	20.483,88
	02.3810.0046.0.	ACD. ACC. TRV. BALTAR-FUM/EO	24.252,56	0,00	24.252,56
	02.3810.0047.0.	SUM. MARQUESINAS E SINAIS	11.464,63	0,00	11.464,63
		TOTAL	56.201,07	0,00	56.201,07
NARON	02.3810.0048.0.	ASFALTADO SALGUEIRAL-SEDES	10.127,10	1.350,93	11.478,03
		TOTAL	10.127,10	1.350,93	11.478,03
NEDA	02.3810.0049.0.	MEJORA ACCESO A O COTO	14.883,93	9.708,42	24.592,35
		TOTAL	14.883,93	9.708,42	24.592,35
NEGREIRA	02.3810.0050.0.	DEPOSITO DE AGUA EN TUÑAS	3.579,77	0,00	3.579,77
		TOTAL	3.579,77	0,00	3.579,77
NOIA	02.3810.0051.0.	ADC. PLAZA C/ORENSE	5.928,15	0,00	5.928,15
		TOTAL	5.928,15	0,00	5.928,15
OLEIROS	02.3810.0052.0.	ACD. BAIXO C.CULT. MONTROVE	21.480,10	0,00	21.480,10
	02.3810.0053.0.	HAB. BAIXO A CT.NAUT. PASEO MARIT.2-F	6.841,99	0,00	6.841,99
		TOTAL	28.322,09	0,00	28.322,09
ORDES	02.3810.0054.0.	CONSERV. CMNOS. PQ. LEIRA	15.512,50	0,00	15.512,50
		TOTAL	15.512,50	0,00	15.512,50
OROSO	02.3810.0055.0.	ACC. A ZANCADA	8.183,80	0,00	8.183,80
		TOTAL	8.183,80	0,00	8.183,80
ORTIGUEIRA	02.3810.0056.0.	REBACH. PQ. SAN SALVADOR Y O.	29.136,31	0,00	29.136,31
		TOTAL	29.136,31	0,00	29.136,31
OUTES	02.3810.0057.0.	PAV. CM. CRISTO-CURIA (S.COSME)	9.391,91	0,00	9.391,91
		TOTAL	9.391,91	0,00	9.391,91
PADERNE	02.3810.0058.0.	PAV. CM. PAQ. OBRE Y A DRAGONTE	7.212,27	0,00	7.212,27
		TOTAL	7.212,27	0,00	7.212,27
PADRÓN	02.3810.0059.0.	DEPURADORA EN PICA RA/A	10.387,36	7.647,65	18.035,01
		TOTAL	10.387,36	7.647,65	18.035,01
PONTECESO	02.3810.0060.0.	DISPOSITIVO SUXECCIÓN COLEC. 1000 L.	1.167,82	0,00	1.167,82
		TOTAL	1.167,82	0,00	1.167,82
PONTEDEUME	02.3810.0061.0.	AL. PUBL. ANDAHIO-A ARBOSA Y O.	10.557,54	0,00	10.557,54
	02.3810.0062.0.	ENSANCH. PAV. CM. O CASTRO	11.572,24	40,78	11.613,02
		TOTAL	22.129,78	40,78	22.170,56
AS PONTES	02.3810.0063.0.	ALC. DA MOURELA 2-F	18.925,05	0,00	18.925,05
		TOTAL	18.925,05	0,00	18.925,05
PORTO DO SON	02.3810.0064.0.	INSTALACIÓN PAPELERAS	3.031,97	0,00	3.031,97
		TOTAL	3.031,97	0,00	3.031,97

RIANXO	02.3810.0065.0.	INST. PARQUE INFANTIL PARQUE GALICIA	23.558,86	0,00	23.558,86
		TOTAL	23.558,86	0,00	23.558,86
RIBEIRA	02.3810.0066.0.	AL. PUBL. AFIEITEIRA-POI	19.634,75	2.631,09	22.265,84
		TOTAL	19.634,75	2.631,09	22.265,84
SADA	02.3810.0067.0.	ACD. CM. ALBORELLE-SO/EIRO	19.675,66	0,00	19.675,66
	02.3810.0068.0.	ACD. CM. URB. ALBORELLE	9.168,65	0,00	9.168,65
	02.3810.0069.0.	ACD. CM. A VALEXA-VEIGUE	7.985,58	0,00	7.985,58
		TOTAL	36.829,89	0,00	36.829,89
SAN SADURNIÑO	02.3810.0070.0.	PAV. CM. DUQUESA CONQUISTA	3.740,92	0,00	3.740,92
		TOTAL	3.740,92	0,00	3.740,92
STA. COMBA	02.3810.0071.0.	REP. PUENTE-TAJEA BARBEIRA	1.704,86	0,00	1.704,86
		TOTAL	1.704,86	0,00	1.704,86
SANTIAGO	02.3810.0072.0.	REF. FIRME C/FERVENZA	16.295,28	18.610,95	34.906,23
		TOTAL	16.295,28	18.610,95	34.906,23
SANTISO	02.3810.0073.0.	CM. PORTODIS Y O.	19.310,57	0,00	19.310,57
		TOTAL	19.310,57	0,00	19.310,57
SOBRADO	02.3810.0074.0.	CONSTR. MURO ACR. LAGUNA	7.826,79	0,00	7.826,79
		TOTAL	7.826,79	0,00	7.826,79
SOMOZAS	02.3810.0075.0.	SUM. LOTE 1:TRACTOR Y O.	7.737,12	0,00	7.737,12
	02.3810.0076.0.	SUM. LOTE 2: ASPIRADOR Y O.	6.056,46	0,00	6.056,46
		TOTAL	13.793,58	0,00	13.793,58
TEO	02.3810.0077.0.	SAN. EN IGLESIA (CALO)	4.094,20	0,00	4.094,20
		TOTAL	4.094,20	0,00	4.094,20
TOQUES	02.3810.0078.0.	MEJ. CA PA ROD. ACC. BARRIGAS	3.247,89	0,00	3.247,89
		TOTAL	3.247,89	0,00	3.247,89
TORDOIA	02.3810.0079.0.	PAV. CM. ABRES	8.163,67	0,00	8.163,67
		TOTAL	8.163,67	0,00	8.163,67
TOURO	02.3810.0080.0.	PAV. CAMPO DA FESTA 1-F (FAO)	3.158,07	0,00	3.158,07
		TOTAL	3.158,07	0,00	3.158,07
TRAZO	02.3810.0081.0.	AL. PUBL. CEMENTERIOS Y O.	4.069,71	8.749,04	12.818,75
		TOTAL	4.069,71	8.749,04	12.818,75
VALDOVIÑO	02.3810.0082.0.	TERMINACIÓN CIMENT. DEP. CAMELEIRO	13.904,71	0,00	13.904,71
		TOTAL	13.904,71	0,00	13.904,71
VAL DO DUBRA	02.3810.0083.0.	PAV. CM. CAMPO FUTBOL-CR. DIPUT.	5.708,88	0,00	5.708,88
		TOTAL	5.708,88	0,00	5.708,88
VEDRA	02.3810.0084.0.	ACD. ENTORNO LOCAL SOCIAL (SARAN:)	9.142,31	0,00	9.142,31
		TOTAL	9.142,31	0,00	9.142,31
VILASANTAR	02.3810.0085.0.	REP. AL. PUBL. EN LA FABRICA	18.165,64	0,01	18.165,65
		TOTAL	18.165,64	0,01	18.165,65
VILARMAIOR	02.3810.0086.0.	REP. PISTA ARNELAS Y CNLZ.	3.601,40	1.045,53	4.646,93
		TOTAL	3.601,40	1.045,53	4.646,93
ZAS	02.3810.0087.0.	CM. PARRQ. BRANDOMIL Y ALLO	8.407,41	0,00	8.407,41
		TOTAL	8.407,41	0,00	8.407,41
CARIÑO	02.3810.0088.0.	PAV. V.MPALES. CARI/O-SISMUNDI	27.705,19	0,00	27.705,19
	02.3810.0089.0.	SUM. MA RQUESINAS	16.976,19	0,00	16.976,19
		TOTAL	44.681,38	0,00	44.681,38
TOTAL ACUMULADO			168.683,81		
Nº de Ayuntamientos			80		
Nº de obras			89		

4.-CAMBIO DA OBRA APROBADA Ó CONCELLO DE CABANAS CORRESPONDENTE Ó PLAN XXI DE FOMENTO DE TURISMO DA NATUREZA.

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“1.-Anular a obra “Posto de socorrismo na praia da Magdalena” cód. 01.4300.0067.0 incluída no Plan XXI para o fomento do turismo de natureza.

2.-Aprobar a incorporación ó Plan XXI de fomento do turismo de natureza da obra “Acondicionamento contorno de escola Laica” cód. 01.4300.0151.0 de 37.203,42 de orzamento total e idéntica achega provincial, en substitución da obra de “Posto de socorrismo na praia da Magdalena” cód. 01.4300.0067.0.

A incorporación da obra apróbase ante a falta de autorización da Demarcación de Costas á obra proposta inicialmente polo concello e aprobada dentro da segunda relación de obras do plan.

O orzamento da obra será financiado pola deputación, con cargo á partida 0305/469.A/629.31 do orzamento da Corporación.

3.-Dispoñer a exposición pública da memoria técnica mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

4.-Facultar ó presidente para canto proceda verbo da xestión e execución do presente acordo.”

5.-PROXECTO REFORMADO DO CONCELLO DE FERROL: RESTAURACIÓN E CONSERVACIÓN DA IGREXA ROMÁNICA DE SANTA CECILIA. PAP-2000 CÓDIGO 99.4100.0379.0.

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar o proxecto reformado da obra “Restauración e conservación da igrexa románica de Santa Cecilia” PAP 2000 código 99.4100.0379.0 incluída no Plan 2000 de recuperación de arquitectura popular polo seu orzamento de 35.410,79 euros, o que implica que hai un incremento de orzamento nesta respecto do aprobado na quinta fase do plan de 1.452.360 pesetas (8.728,86 euros).

O financiamento da obra quedaría como segue:

Obra	Código	Orzamento	Achg. Deputación	Achg. Concello
"Rest. e conser. da igrexa románica de santa Cecilia.	99.4100.0379.0	35.410,79,	26.681,93,	8.728,86

2.-Dispoñer a exposición pública do proxecto reformado mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que se poidan presentar alegacións, entendéndose definitivamente aprobada no caso de non presentarse ningunha.

3.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia, da Comisión Galega de Cooperación local e, para os efectos establecidos nos artigos 187 e seguintes da Lei 5/97, do 12 de xullo de 1997, de Administración local de Galicia.”

6.-CONVENIO SERVICIOS SOCIAIS 2002/2003 COS CONCELLOS DE CEE, CEDEIRA, PONTEDEUME E VIMIANZO.

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da Comisión:

“Aprobar o texto anexo dos convenios de colaboración que se subscribirán entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos de Cee, Cedeira, Pontedeume e Vimianzo, a través dos que se instrumentará a cooperación da deputación no sostemento dos programas de servizos sociais para a campaña 2002-2003.”

CONVENIO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO DE _____ EN GARANTÍA DA PRESTACIÓN, IMPLANTACIÓN E FUNCIONAMENTO DE SERVICIOS SOCIAIS MUNICIPAIS.

No Pazo de Mariñán, concello de Bergondo,

REUNIDOS

Dunha parte o Ilmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario xeral, don José Luis Almau Supervía

Doutra, D. _____, alcalde-presidente do concello de

Ambos interveñen (en función dos seus cargos) e en uso das facultades que lle están atribuídas.

EXPOÑEN

1. Que a Excm. Deputación Provincial da Coruña ten competencias en materia de Servicios Sociais, segundo as previsións da Lei de servizos sociais 4/93 do 14 de abril, no seu art. 22, así como no art. 5 do Decreto 240/95, (que regula os servizos sociais de atención primaria) competencias que se concretan no apoio ós concellos económico, técnico e xurídico para implantación e funcionamento dos servizos sociais, e especialmente ós de menos de 20.000 habitantes.
2. Que os concellos así mesmo, en virtude das previsións da citada Lei 4/93 e do decreto 240/95 ten atribuídas competencias para a prestación de servizos sociais.
3. Que as citadas entidades, estableceron un Convenio de cooperación, ó abeiro dos arts. 57 e seguintes da Lei de réxime local, e do 198.3 da Lei 5/97 de Administración local de Galicia, así como das bases de convocatoria de subvencións para servizos sociais municipais, publicadas por esta deputación coa finalidade de garantir a prestación integral e adecuada dos servizos sociais de competencia municipal, no territorio provincial nas condicións especificadas neste convenio.
4. Que para a formalización deste convenio existe consignación orzamentaria na aplicación 0701.313.K/462.00.

Polo exposto, establécense os termos desta colaboración co Concello de conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-FINS

O presente convenio establécese para dar continuidade ó desenvolvemento dos servizos sociais de competencia municipal para prestar o concello de

SEGUNDA.-OBXECTIVO

O obxectivo desta cooperación consiste na axuda para as retribucións do persoal que se especifica no proxecto de traballo, directamente adscrito ós servizos de: (Información/Orientación, Apoio á Unidade de Convivencia e Axuda a Domicilio) segundo proxecto que se achega como Anexo I).

TERCEIRA.-ACHEGA ECONÓMICA

Para a atención dos Servicios Sociais Municipais expresados na cláusula 2ª, a deputación achegará as contías que se expresan nos períodos seguintes:

1º período 01.07.2002/31.12.2002

2º período 2003

As cantidades pactadas, incrementanse co importe do IPC a partir do 01.01.2003.

O concello poderá concorrer á convocatoria de calquera outra axuda ou subvencións destinadas ós mesmos programas, para o financiamento de conceptos non cubertos por esta achega.

Para o pagamento do período 2002 está prevista a consignación na partida 0701/313K/462.00

CUARTA.-COMPROMISO MUNICIPAL

O concello de _____ comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do convenio e a completar no necesario coa súa achega económica o custo dos programas obxecto do convenio, así como a xustificar a súa realización perante a Deputación provincial nas condicións e prazos que se detallan. Calquera variación no proxecto presentado haberá de ser solicitada mediante escrito razoado. En ningún caso poderá supoñer incremento da cantidade total comprometida pola deputación.

QUINTA.-REQUISITOS PARA O PAGAMENTO

PAGAMENTOS

1.-Período 01.07.2002/31.12.2002

O 75% da dita anualidade a partir da sinatura do presente convenio.

O 25% restante, trala xustificación que se realizará antes do 31 de marzo de 2003.

2.-Período 01.01.2003/31.12.2003

O 75% unha vez aprobado o proxecto anual e xustificado o período anterior.

O 25% restante trala xustificación previa que se realizará antes do 31.03.2004.

O 25% da achega provincial que se libraré ó final de cada período, require achega de memoria e certificación de pagamentos efectuados por retribucións ó persoal directamente adscrito ós servizos obxecto de convenio, encadrados nos servizos de atención primaria, e dos ingresos obtidos para os mesmos conceptos e programas doutras Administracións públicas ou entidades privadas.

A xustificación requirirá informe dos Servizos Sociais e do Servizo de Contratación.

En ningún caso o importe total da achega provincial poderá ser de tal contía que, en concorrencia coas doutras Administracións públicas para a mesma finalidade, exceda do importe total xustificado.

SEXTA.-SEGUIMENTO

O seguimento do dito proxecto de actuación efectuarase co apoio técnico da Sección de Servizos Sociais da deputación, a cal porá ó dispor dos concellos os medios de que dispón.

SÉTIMA.-PRAZO

O presente convenio terá unha vixencia comprendida entre o 1 de xullo de 2002 e o 31 de decembro de 2003.

O presente convenio queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio (art. 69, R.D. 2/2000).

OITAVA.-

En caso de incumprimento dos obxectivos, o concello queda obrigado ó reintegro do percibido máis os xuros de mora devengados. Para a materialización efectiva do dito reintegro, a Deputación provincial queda facultada para utilizar a compensación cos ingresos da recadación dos impostos do municipio xestionados pola entidade provincial.

Así mesmo, o concello queda obrigado a realizar o reintegro mesmo por compensación, dos importes que corresponda, en caso de percibir outras axudas destinadas á cobertura dos mesmos custos do programa financiado por esta deputación, na contía que exceda do importe total xustificado.

O incumprimento non xustificado das cláusulas do convenio será causa de rescisión del.

NOVENA.-

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan surxir en relación con el serán competencia da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día

E en proba de conformidade, ámbalas partes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado no lugar e data expresados na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE

Asdo.: José Luis Torres Colomer

Asdo.:

O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN

Asdo.: José Luis Almau Supervía

7.-APROBACIÓN TÉCNICA DE PROXECTOS DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAS 2003, 2ª RELACIÓN E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NEL.

INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Vou facer tamén xa conxunta a intervención do punto 8, porque é o mesmo, ben, remítome ó debate do conxunto do plan, que se deu no seu momento, onde xa explicamos polo miúdo que non se aplicaron criterios claros, e claro, isto xa dixemos no seu momento que logo iría a velas vir, e así vai. O feito de que se presente agora unha segunda relación e que isto parece que queda aberto, e vanse presentando relacións, en lugar de presentar un plan no que xa estea todo aclarado e saibamos de qué se está falando, desde logo, enrédanse un pouco as cousas.

Nosoutros queremos que quede claro, non obstante, que non estamos dicindo que as obras que se presentan non sexan necesarias, as obras son todas necesarias, non as

poñemos en cuestión, senón que non hai nada que nos indique se hai algunha outra que teña prioridade sobre estas.

Polo tanto o noso posicionamento, como xa foi no seu momento, vai ser de abstención nos dous puntos, no sete e no oito. Gracias.

Sr. Fernández Moreda

O grupo socialista sempre reclamou ó goberno da deputación que dedique máis diñeiro, máis investimentos, ás estradas provinciais, que estean bastante esquecidas, e foi unha tónica, mesmo nos orzamentos sempre presentamos emendas de modificación para destinar máis recursos, polo tanto, parécenos ben, que se destinen recursos para arranxar as vías provinciais, as estradas provinciais. Pero antes, reservándome para a segunda intervención, a min gustaríame que alguén do goberno nos explique que criterios se seguiron para seleccionar estas estradas e non outras, e en función deses criterios, o noso voto será un ou outro, pero gustaríanos que nos dixeran, porque claro, aquí aprobáramos no Pleno de xuño oitenta e pico estradas sen ningún criterio, porque por qué ían oitenta e non todas, ou porque ían esas oitenta e non ían outras, e agora baseándonos nese acordo tráesenos este punto 7 e o punto 8 para solicitar a urxente ocupación, e estes van ser os proxectos que se executen no ano 2003 en vías provinciais. Entón, gustaríanos que alguén nos dixese qué criterios se seguiron para seleccionar estas obras, por que van estas estradas e por que non van outras.

Sr. Varela Rey

Contestando ás dúas intervencións, porque creo que tanto a da voceira do Bloque, como o do PSOE, inciden no mesmo aspecto, porque van estas e non van outras, e a razón fundamental é un criterio de tipo técnico, hai un traballo exhaustivo, detallado, pormenorizado, de practicamente unha análise de tódalas vías provinciais, unha a unha, vendo determinadas incidencias que poida ter cada vía como é a capacidade integradora dentro do conxunto de vías provinciais, como é a razón de perigosidade, como é a densidade de tráfico, mesmo o propio estado tamén do pavimento. Entón, en base a todos eses aspectos, de carácter total e absolutamente técnico, son a relación que se vai producindo nestes momentos, que é a relación que se entende que por parte dos servicios desta casa era máis urxente.

Moitas gracias.

Sra. Candocia Pita

En todo caso, esa explicación o que non deixa explicado é se hai un estudio tan exhaustivo, e están todas, xa se sabe, e que prioridades hai unhas sobre outras, por que van en varias relacións, e non vai xa unha soa relación, en todo caso con fases de execución diferentes, pero ¿por que non hai unha relación única? Iso, desde logo, se hai un estudio exhaustivo, podería facerse e que tódolos deputados e deputadas desta cámara soubesemos por que van unhas sobre outras, e por que se fai así. Pero, desde logo, eses criterios non quedaron especificados nunca nas convocatorias, e non se sabe cáles son realmente, cáles se aplican.

Máis nada, o noso voto segue sendo o que especificamos ó principio, a abstención.

Sr. Fernández Moreda

Parece ser que os criterios técnicos que descoñecemos, porque non figuran no expediente, só di que as que teñen perigosidade, alta densidade de tráfico, problemas de pavimentación, só son en concellos que goberna o Partido Popular, debe de ser que son as únicas estradas que están mal, porque aquí van para San Sadurniño, para Santiso, para Oza dos Ríos, para Mesía, para Rois, outra para San Sadurniño, Valdoviño, Boiro e Ponteceso. Non entendo o criterio ese, só están mal as estradas que afectan, ou que pasan por concellos gobernados polo Partido Popular, as outras estradas deben de estar todas excepcionalmente ben.

Eu creo que cando se toma unha decisión hai que motivala, e a motivación é un informe, ese informe que din vostedes que existe, que eu non sei se existe porque non o vimos, que nos diga cáles son eses criterios técnicos e que se mida a intensidade media de tódolos treitos, que se mire a perigosidade, as travesías, o estado do pavimento, que se mire todo, e unha vez que nosoutros teñamos iso podemos dicir, “son vostedes homes xustos, e están vostedes facendo o que teñen que facer”, pero non podemos dicir isto, primeiro porque descoñecemos eses informes técnicos, que non sei se existen, se existen deberían de estar no expediente, porque hai que motivar, e se non se motiva é arbitrario, e entón eu poderei dicir, á vista do expediente e da información que se nos dá, que isto é unha arbitrariedade, e decídese facer unhas estradas porque si, porque se favorece a quen se favorece, e faise onde se fai.

E hai cousas que sorprenden tamén e que chaman a atención. Non entendo eu que razón existe para dividir proxectos. Por exemplo, a estrada provincial 7603 ten un proxecto que afecta do punto quilométrico 0 ó punto quilométrico 5; hai outro proxecto para a mesma estrada que afecta do punto quilométrico 5 ó punto quilométrico 8, e hai outro proxecto para a mesma estrada que afecta do punto quilométrico 8 ó 10,50, é dicir, vaise reparar a estrada entre o punto quilométrico 0 e o 10,500; ¿por que se divide en tres proxectos? ¿que se quere facer con isto?, ¿por que non é un único proxecto e adxudícase a unha empresa?,

¿que razón hai? Pero isto non é un erro, porque isto pasa nas estradas de San Sadurniño e pasa tamén na estrada 7601, do punto quilométrico 0 ó 5,350, e do 5,350 ó 9,840; ¿cales son as razóns polas que se divide isto? A min gustaríame tamén saber, porque cando se vai facer un proxecto que é unha obra continuada e que non hai ningún tipo de interrupción, é un único proxecto, pídese á Xunta a autorización para a urxente ocupación e contrátase un único proxecto a unha única empresa, porque pode darse a circunstancia de que tres empresas diferentes estean facendo a mesma estrada en treitos continuos.

Polo tanto temos moitas dúbidas tocante deste plan de estradas e cáles son as motivacións que xustifican que este plan de estradas que se nos propón para aprobar; o que nos está pedindo é un acto de fe. Nosoutros entendemos que si tivesemos eses estudos técnicos, e tivesemos as razóns que vostedes din que existen, que non as coñecemos, mesmo dudamos de que existan, porque non poden estar malas as estradas só que afectan a unha determinada cor política, supoño que haberá entre as centos de estradas que hai, haberá moitísimas que estarán nas mesmas circunstancias, e gustaríanos que motivasen esta decisión, que a motivasen un pouquiño máis, porque senón, non hai ningún criterio máis có puramente arbitrario, e neste senso non podemos votar a favor, a pesar de que nos gustaría votar a favor, porque estamos reclamando investimentos en estradas, gustaríanos votar a favor, pero non podemos porque lle estaríamos dando o aval a unha arbitrariedade, e non a un feito motivado e xusto.

Polo tanto, o noso voto vai ser negativo.

Sr. Pose Miñones

A ver se coa explicación que eu lles dea lles serve para clarificar un pouco, e que puideran incluso variar esa intención de voto.

Vostedes saben perfectamente que nas ocupacións de terreo, cando hai unha expropiación, primeiro, que se necesita ter para ela proxecto, e que o proxecto se adapte en todo momento ó propio planeamento dos concellos. Con iso quero contestar a por que uns treitos si aparecen e outros non aparecen. Non é obedecendo a que estean nun concello, ou que estean noutro, senón precisamente porque hai casos onde temos que lle pedir ós concellos que adapten o planeamento a ese novo trazado e a esas rectificacións desas curvas cando entran tocando a núcleos que están considerados como urbanos.

Por outro lado demostramos que coinciden con ríos e con pontes, e que se necesita tamén un informe previo de augas, e que temos despois a motivación do propio proxecto, e que o proxecto exista e que estea redactado e adaptado, e cada grupo de proxectos que imos tendo totalmente terminado, e que reúnen esas condicións, son os que estamos mandando a expropiación, que por certo, neste momento están indo bastante rápido.

Despois deste grupo haberá outro, e verán que de aí seleccionaremos despois mesmo as obras que se vaian realmente facer, pero o que necesitamos é ter xa as expropiacións feitas e eses terreos a disposición para poder sacar obras a contratación. Aquí estamos falando, precisamente, de facer as expropiacións dos terreos para poder proceder á execución de obras.

Esa é a motivación, e non hai outra, e se vostedes mesmos falan cos técnicos, verán que lles din que estamos metendo tódolos proxectos que podemos, canto antes, para poder dispor deses terreos.

Máis nada.

Sr. Fernández Moreda

Despois da explicación do Sr. Pose reafirmámonos no noso voto negativo, porque é que a arbitrariedade é maior, é dicir, ¿por que se encargan uns proxectos e outros non?, é dicir, supoño que os técnicos farán os proxectos que a dirección política lle encargue que faga, e fan uns ou fan outros.

Eu creo que as estradas deberíamos, para ser serios, de coordinarnos coa Xunta, e ver que necesidades ten a provincia de comunicación, que necesidades existen de facerse eses polígonos industriais que se fixeron, cales son as necesidades reais e planificar e coordinar os nosos investimentos en estradas cos investimentos ou as previsións da Xunta, e cos criterios técnicos de intensidade, perigosidade, e tal, e a partir de aí facer un auténtico plan de estradas que sirva ós intereses da provincia, que nos coordine con actuacións presentes ou futuras da Xunta de Galicia, e que resolvan os problemas dos usuarios destas vías. Eu entendo que este plan que se nos presenta carece en absoluto de motivación, van estas estradas porque se quere que vaian estas estradas, máis nada, e ante iso dicimos, ben, pois nosoutros non avalamos iso, se estivese minimamente motivada, non teñan vostedes a menor dúbida de que o voto sería positivo, pero ante isto pídesenos unha declaración de fe, que fagamos un acto de fe, e fe é crer no que non se ve, e claro, se vísemos algo, poderíamos crer, pero se non se ve nada, albíscanse moitas cousas, e as cousas que se albiscan, decídenos a dicir que non.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (PSOE)

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar tecnicamente os proxectos do Plan de vías provinciais 2003, 2ª relación que figuran no anexo I que se acompaña ó presente dictame.

2.-Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido este se non se producisen, consideraranse definitivamente aprobadas.

3.-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de referencia, conforme co art. 52 da LEF e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

4.-Someter a información pública o referido expediente expropiatorio mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se formulasen”.

ANEXO I

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7603 DO P.q. 0,00 Ó P.q. 5,000	1.015.128,04
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7901 DE CHORES Ó LUGAR DA CRUZ	185.633,76
AMPLIACIÓN E MELLORA DE TRAZADO NA E.P. 3203 DO P.q. 0,000 Ó P.q. 6,375 DE BURRICIOS A PENAMARTIN	1.054.959,95
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 3203 DO P.q. 6,375 Ó P.q. 12,750 DE BURRICIOS A PENAMARTIN	711.717,1
AMPLIACIÓN E MEJORA DO TRAZADO DA E.P. 1004 DO P.q. 0,000 Ó P.q. 6,000 DE LANZA A BOIMORTO	712.579,09
E.P. 7401 URDILDE A ANTEQUERA, VARIANTE DE QUINTANS	654.830,97
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7601 DO P.q. 0,000 Ó P.q. 5,350 DA CRUZ DE LAMESTRA A SAN SATURNINO	927.224,34
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 7601 DO P.q. 5,350 Ó P.q. 9,840 DA CRUZ DE LAMESTRA A SAN SATURNINO	858.268,51
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7603 DO P.q. 5,000 Ó P.q. 8,000	417.564,62
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 7603 DO P.q. 8,000 Ó P.q. 10,500	334.008,15
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 1104 BOIRO PONTE DE SAN FRANCISCO, P.q. 1,500 AL 7,500	782.286,54
AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 6801 DA CAMPARA A CORME POR BRANTUAS	560.735,62

8.-APROBACIÓN TÉCNICA DE PROXECTOS DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2003, 3ª RELACIÓN E SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DAS OBRAS INCLUÍDAS NEL.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: 11 deputados (PSOE)

Abstéñense: 3 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da Comisión:

“1.-Aprobar tecnicamente os proxectos do Plan de vías provinciais 2003, 3ª relación que de seguido se indican:

*Ampliación e mellora do trazado na EP 3608 desde o PQ 0,000 ó 1,000.

*Ampliación e mellora do trazado na E.P. 0106 de Ameas a Oza dos Ríos desde o PQ 4,00 ó 8,600.

*Ampliación e mellora do trazado na E.P. 3606 de Cobas a San Jorge.

2.-Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido este sen que se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.-Solicitar á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de referencia, conforme co art. 52 da LEF e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

4.-Someter a información pública o referido expediente expropiatorio mediante publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, cun prazo de quince días para reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se estas non se formulasen.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Santiago López

O 28 de decembro do ano pasado publícanse no Boletín Oficial da Provincia as bases para as subvencións ós concellos e ás entidades da provincia. Parece case case que é unha inocentada, 28 de decembro, hoxe que xa estamos no mes de setembro, nove meses despois, aínda non están resoltas estas subvencións. Parécenos que a mesma axilidade que hai no caso doutras axudas a entidades, como ás de asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes, poderían ter estas subvencións, porque a estas alturas o retraso é inexplicable.

En todo caso, si que me gustaría saber, e esa é a miña pregunta, a que se debe ese retraso, cándo sairán definitivamente resoltas estas subvencións, e que se aclare, a ser posible, cáles foron as circunstancias deste retraso, aínda que vai ser un pouco difícil.

Gracias.

Sr. presidente

Pódoa informar que o retraso foi por problemas técnicos e administrativos, máis nada, e polo gran número de solicitudes que houbo, sobre todo de asociacións, de asociacións, non de concellos, é o que lle podó dicir, e que as axudas ós concellos están en Correos xa, estarán a piques de chegar ós distintos concellos desta provincia, e as das asociacións vanse asinar o martes todas e sairán inmediatamente ó día seguinte.

Sra. Candocia Pita

Eu rexistrei hoxe unha pregunta, non é para que se me conteste, non é unha pregunta, é un rogo case, un pouco para dar conta, non para que se me conteste, sobre unha estrada no Concello de Boiro entre Exipto e Abanqueiro que era un proxecto para facer beirarrúas, entón no proxecto aparece que as beirarrúas eran de dous metros e logo na execución da obra a beirarrúa é inferior, en todo caso na zona máis ancha é un 60, e o habitual é que sexa entre un 40 e un 50, habendo zonas onde hai muros e non se fai a citada beirarrúa.

Entón, o que nosoutros solicitamos é que a Deputación da Coruña realice un seguimento destas obras para comprobar se se está executando o acordado no proxecto aprobado no seu día, e que desde a institución provincial se inste ó concello de Boiro a

cumprir o dito proxecto, no caso de que se comprobe que o proxecto estase incumprindo. En todo caso, pido tamén neste caso *in voce* que se nos dea conta por escrito, se fai o favor o Sr. presidente, do acontecido do seguimento disto que pedimos.

Gracias.

Sr. presidente

Moi ben, tomamos boa nota, o secretario toma boa nota dese proxecto de Exipto, enténdinlle Abanqueiro, está por Exipto moito mellor, e darémoslle conta ó Servicio de Vías e Obras que nos informen do proxecto que había, o que se está realizando, e informarémolo detalladamente.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, procedendo á redacción da acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.